

PROGRAMA STELLA - PAS 2017

A Comisión de Selección do programa de mobilidade para o PAS STELLA 2017, adoptou os seguintes

ACORDOS

Primeiro. Facer públicos os criterios de valoración, dentro do marco establecido pola convocatoria:

- I. **CRITERIO XERAL:** Para poder resultar proposto/a será preciso obter, con carácter xeral, un mínimo de puntuación en relación á puntuación máxima fixada na convocatoria nos apartados 2, 3 e 4 do apartado a) da base 4, co detalle e distribución que deseguido se indica:
 - Un mínimo de 13 puntos no apartado a) 2. (aliñamento dos obxectivos e actividades a realizar...)
 - Un mínimo de 4 puntos no apartado a) 3. (adquisición de coñecementos sobre novos métodos e técnicas)
 - Un mínimo de 9 puntos no apartado a) 4. (grao de aplicación dos coñecementos e das competencias)
- II. **ALIÑAMENTO DOS OBXECTIVOS E ACTIVIDADES COS CONSIDERADOS RELEVANTES POLA UNIVERSIDADE:** mínimo 13 puntos e máximo 50 puntos.
 - a) Contribución á modernización e simplificación dos procesos administrativos ou protocolos de traballo: máximo 15 puntos.
 - b) Incorporación de novas prestacións e servizos de utilidade para os usuarios: máximo 20 puntos.
 - c) Coñecemento doutras formas de organización, exercicio técnico e profesional, control e avaliación do servizo prestado: máximo 15 puntos.
- III. **ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS SOBRE NOVOS MÉTODOS E TÉCNICAS QUE REDUNDEN NAMELLORA DO SERVIZO PRESTADO:** mínimo 4 puntos e máximo 15 puntos.
- IV. **GRAO DE APLICACIÓN DOS COÑECEMENTOS E COMPETENCIAS SINALADOS NO PLAN DE TRABALLO AO POSTO DA PERSOA ASPIRANTE:** mínimo 9 e máximo 35 puntos.

Segundo.

Considerando as graves deficiencias concorrentes na solicitude do único aspirante admitido, a Comisión de Selección estima improcedente valorala e acorda declarar deserta a convocatoria.

Terceiro: Abrir un prazo de tres días hábiles para formular reclamacións, contados a partires do seguinte ao da publicación deste acordo.

Vigo, 13 de febreiro de 2017
A Presidenta,

Amelia Rodríguez Piña

